

A reciclaxe sempre é #Trending Topic na nosa terra

Ano: 2020

Mantén firme o teu compromiso co medio ambiente. Separa os residuos en orixe e deposítaos nos contedores correspondentes para propiciar a súa reciclaxe.

Campaña dirixida aos máis novos (estudantes de ESO, Bacharelato e Universidade) a fin de que coñezan as bondades da reciclaxe, tanto desde o punto de vista ambiental como económico e social, e contribúan de forma decidida ao mesmo, sendo o seu compromiso coa protección da contorna garantía de futuro.

A través de distintos soportes online tales como carteis, gifs e vídeos animados, e utilizando o argot propio dos nativos dixitais, a iniciativa, bautizada co lema “A reciclaxe sempre é #Trending Topic na nosa terra”, nótrese con mensaxes atractivas e dinámicas nas que se pon en valor a natureza e a necesidade de participar no seu coidado a través da práctica diaria dos tres erres (redución, reutilización e reciclaxe).

Source URL: <http://www.sogama.gal/gl/campanha/reciclaxe-sempre-e-trending-topic-na-nosa-terra>